

“O primeiro instrumento europeo que chegou a Brasil foi a gaita”

## “O primeiro instrumento europeo que chegou a Brasil foi a gaita”

SÁBADO, 30 DE ABRIL DE 2011 00:00



M.J.R. > FERROL

Carlos Núñez inaugurou onte no Toxos o III Congreso de Música Tradicional “Terra de Trasancos”, unha proposta que se realizou en 1997 e 1998 e que a directiva que encabeza Arturo Lamas decidiu retomar a proposta de Fernando Dopico. Núñez, o músico galego de maior proxección internacional, realizou unha brillante conferencia sobre a relación de Galicia e de Latinoamérica, centrándose sobre todo en Brasil, onde tivo familiares a comezos do século pasado. Pero non abordou as oleadas migratorias de Europa cara a este continente senón séculos atrás, coa chegada dos conquistadores e o traslado de escravos

desde África. A mistura de culturas e, polo tanto, de tradicións musicais, que se deu, desenvolveu ó longo do tempo diferentes ritmos nos que, porén, se poden atopar bases comúns con músicas europeas.

Núñez estudou en Brasil a presenza da gaita, que foi “o primeiro instrumento musical que lles chegou de Europa” e que, polo gusto que por el tiñan os indios, foi utilizado polos relixiosos xesuítas para atraerse o favor das tribos locais. Está documentado que, ata o século XIX, “atopamos gaiteiros negros e gaiteiros indios en todo Brasil”.

O congreso contou na súa inau-guración co alcalde de Ferrol e cos organizadores. Hoxe continúa en horario de mañá e tarde.